

# Por Cambados con Cabanillas

Dende hai máis de dez anos a Asociación de Ensinantes do Salnés (CANDEA) ten traballado no estudio do medio elaborando materiais que contrubúen ó seu coñecemento. Pretende con este labor rachar coa idea da escola como único ámbito educativo, alleo á realidade circundante. Basicamente trátase de leva-la aprendizaxe ó entorno socio-natural, aproveitando ó máximo as súas posibilidades educativas, de xeito que o noso alumnado adquira uns coñecementos, unhas actitudes e unhas capacidades conducentes a desenrolar unha análise crítica e autónoma do medio no que vive e a participar activamente na xestión do mesmo.

Hoxe presentamos un roteiro interdisciplinar por Cambados da man do seu máis egregio escritor: **Ramón Cabanillas Enríquez**.

Acompañados polos dos seus poemas máis autobiográficos faremos un percorrido pola súa vida e obra ó tempo que visitamos os lugares ós que el fai unha referencia máis directa.

Somos conscientes que a nosa escolma non reflicte o poeta total que foi Cabanillas. Poemas de temática amorosa, relixiosa ou épica poderían ter cabida aquí. As limitacións de tempo que a realización da rota impón obrigan a reduci-lo seu contido. Mesmo os de contido social poderían ser moi ben outros.

Cada mestre, tendo en conta o tempo de que dispón, idade do alumnado, obxectivos específicos que pretende acadar, etc. fará a adaptación que máis lle conveña do roteiro proposto. Poderá facer visitas puntuais, percorrelo total ou parcialmente, cambiar poemas por outros que lle parezan máis axeitados...

Candea pretende con este roteiro recolle-las experiencias realizadas por mestres e outras entidades, e poñelas a disposición de cantos queiran "ver" dunha maneira distinta o Cambados de Cabanillas.

Cambados, setembro de 2000



# ÍNDICE

## PLANO DO ROTEIRO

1. "*Salutatio ad patrim*"  
(casa natal) 5
2. "A Asorey", "No Casino"  
Rúa Real, Praza F. Asorey 6
3. "O sábado na escola"  
O Convento 7
4. "As Tardes na Pastora"  
Santa Mariña, A Pastora 9
5. "Mariñeira"  
San Tomé 11
6. "Na casa vella"  
Rúa Hospital 12
7. "A Calzada de Cambados"  
"Na Ribeira"  
A Calzada 13
8. "Lume no pazo", "A un cacique"  
Praza de Fefiñáns 15
9. "Sono dourado"  
Cimiterio Fefiñáns 17
- Bibliografía 19

### EDITA:

#### CANDEA

Asociación de Ensinante do Salnés

ISBN: 84-920310-7-7

© Candeia

Manuel Núñez Pérez

Fernando Pazos García

Xoán Antonio Pillado Silvoso

### MONTAXE E MAQUETACIÓN:

Adela Leiro Lois

Mon Daporta Padín

Eulalia Planas Bacarissas

Celestino Pardo López

### DOCUMENTACIÓN GRÁFICA:

Adela Leiro


Centro de documentación Local

de Cambados

Xoán Antonio Pillado Silvoso

### AGREDECIMENTO ESPECIAL:

Luis Rey Núñez



# Plano da ruta

## Por Cambados con Cabanillas

Torre de San Sadurniño



# Ramón Cabanillas Enríquez

## Notas biográficas

Naceu o 3 de xuño de 1876 en Fefiñáns. Cambados  
Foi bautizado dous días despois na igrexa de San Bieito como fillo natural de Joaquina Enríquez García, de Vilariño, e de pai incógnito.

Aprende as súas primeiras letras na escola do Convento.  
Foi mónico co sancristán "Señor Matías".

Entre 1887 e 1889 recibiu clases de latín do abade vello de Corvillón, Don Manuel Albán, para prepara-lo ingreso no Seminario.

O día 8 de setembro de 1888 é recoñecido como fillo diante do párroco de San Adrian de Vilariño, por Xosé Cabanillas Rodríguez, natural de Sanxenxo e veciño de Pontevedra.

Dous anos máis tarde, o 23 de xaneiro de 1890, foi inscrito no Rexistro Civil de Cambados como fillo natural de José Cabanillas, de 38 anos, natural de Sanxenxo e de Joaquina Enríquez García, natural de Vilariño, de 40 anos de idade.

## SALVTATIO AD PATRIAM (Ex Ael. Ant. Nebrisensis).

iSalve, miña casiña!  
iSalve tamén, vosoutros  
os Lares e Penates, testemuñas  
do meu nadall!

Aquí meu primeir folgo,  
aquí por vez primeira  
da luz ós raios abrochéi os ollos  
e aquí foi donde a miña criandeira  
abreumeme a fonte do seu peito morno.  
Aquí meus pais cobríanme con bicos  
de entenrecido arroubo  
e aquí, n-estes corrunchos, ecoaron  
meus primeiros saloucos.

Aquí, n-este coartíño, estaba o  
berce


onde me viña a visitar o sono,  
mentras miña naiçiña pra dormirme  
erguía o canto místico do arrolo.

Aquí, patelexando,  
botáballe os braciños ó pescozo  
a meu pai, pra quen era  
o peso de máis gozo  
si é que non me acollía  
Ó dondo niño do materno colo.

Aquí no espido chan, bule que bule  
ás arrastras e a rolos,  
e na cativa eira

pouquerrechiño a pouco,  
escomencéi a andar ás degatiñas,  
as mans sin tento por incerto apoio.  
Abalando o soneiro tintinante,  
aquí en dous pés, con medo, fúnme pondo  
e a miña nai, ridente e tateando,  
chaméi con píos de paxaro novo.  
Na compañía de nenos do meu tempo  
estas paredes viron os meus xogos,  
collendo e pondo as nocas  
a gañaperde, con sorteiro troco.  
N-unha longa canela cabaleiro  
loitéi bulindo c-o broquel de coiro,  
mais meu meirande feiticeiro enlevo  
era bailar o trompo...

*"Camiños no tempo" (1949)*



Nesta casa mariñeira con patín naceu Cabanillas.  
Hoxe, convertida en Casa Museo, acolle libros e distintos obxectos que nos recordan ó escritor cambadés.



Na Praza de Fefiñáns faciase o mercado tódolos domingos e mércores ata o ano 1946 en que se trasladou ó emprazamento actual.



Soportais da Praza do Mercado.

VER TAMÉN  
Praza Arosa  
Rúa da Congostra  
Casa de Zárate...

Estudia no Seminario de San Martiño Pinario de Santiago de Compostela entre 1890 e 1893, en que abandona os estudos eclesiásticos e comeza a traballar na notaría de Pedro Sánchez, onde tamén o fixera Alfredo Brañas.



Cabanillas e o seu irmán Pío (fins do século XIX)

En 1895 pasa a traballar no concello como axudante do secretario Adolfo Caamaño

Catro anos máis tarde casa con Eudoxia Álvarez, coa que terá entre os anos 1900 e 1909 sete fillos: Manuel, María Luísa, Aurora, José, Joaquín, Ramona e Ramón.



Eudoxia e fillos de R. Cabanillas (1910-11)



Cos amigos despois dunha lacoada.

## A ASOREY

¡Ditoso o que se sabe guiar pol-as estrelas!  
¡Ditoso ti que nado baixo o feitizo delas atopaches o sendeiro e acertache a voar co corazón a arder, nos beizos un cantar!

Cuberto das silveiras e as edras silenzosas,  
a céltiga roseira morría sin dar rosas.  
E surdéu "Picariña". o gomo milagreiro e na mesma ponliña, fillas do mesmo amor,  
o sol de cada maio puxo unha nova fror,  
até que o derradeiro, abrindo a Edade de Ouro,  
floreceu por enteiro na rosa de "O Tesouro".

¡Ditoso o que se sabe guiar pol-as estrelas!  
¡Ditoso o que no fondo das íntimas arelas encontra a nova Vida e a misteriosa traza dos místicos ensonos da súa enxebre Raza!

¡Bendito ti que soio, na noite escurecida,  
forxando a chave de ouro dende Mateu perdida,  
guiado das estrelas, soupeche eternizarte  
abrindo a Porta-Santa da Catedral do Arte

### Poesías Ventureiras


## NO CASINO

Nos vidros e na aceira e no tellado trisca a choiva batida por-o vento;  
n-un currencho o conserxe, friorento,  
sonea n-un sillón coxo e furado.  
No coarto da leutura está acochado,  
lendo no "Heraldo", un vello carraspeno,  
e en voz baixa rexouban do auntamento dous mozos que deprenden prá abogado.  
Uns señores que xogan ó tresillo no salón, por si foi posta ou codillo  
levantan un barullo que pon medo;  
e faguendo chorar un mal piano que cai de podre, o fillo do escribano  
ensaia o "No-me-mates" con un dedo.

*"No desterro" (1.913)*



Monumento ó escultor Francisco Asorey. (Cambados 1889, Santiago 1961). Réplica en pedra da súa obra "Naiciña" realizada polo seu discípulo Cao Lata.



Rúa Real. Debuxo de Lloréns (1924)




Foto dos anos 50  
No nº 10 da Rúa Real está a casa na que viviu Cabanillas. Fronte á mesma está o edificio do antigo Casino. Nel viviu Valle Inclán entre 1912 e 1916. Aquí escribiu "La lámpara maravillosa", "La marquesa Rosalinda", "El embrujado. Tragedia de Tierra del Salnés". "La cabeza del dragón" e varios dos contos de "Jardín Umbrío".

Exerce durante un breve período de tempo a profesión de arrendador de Impostos e consumos. En 1906 deixa esa impopular profesión e crea a axencia "Fernández y Cabanillas", con sé en Pontevedra.



Xantar na Pastora (1904)

Ó ano seguinte inicia a aventura periódica coa fundación do xornal "El Umia" xunto cos seus amigos J. González Fraga e Antonio Magariños.



No 1909 constitúe o "Centro Obrero y Republicano".

En 1910 retorna á vea xornalística co periódico "El Cometa" do que só saíron nove números.



## O SÁBADO NA ESCOLA

*Para o "Peludo", compañeiro d-aqueles tempos...*

iVila morta, vila morta,  
aldeana e mariñeira,  
na que me criéi! iQue encanto  
tén o pasado que encerras!

iCómo me vexo, inda neno,  
brincando sobre das pedras  
da praia, rubindo ós valos  
xogando nas alamedas...!

iVila morta, vila morta,  
aldeana e mariñeira!  
iCon qué vida de milagre  
resurde a visión d-aquela  
casa de escola, asentada  
no adro, a carón da igrexa!

iOu paredes! iOu baranda  
da escola longa e estreita  
do patín! iOu ventaniñas  
craras, ridoras, abertas  
sobre da horta do antigo  
convento! iCómo se espella  
na alma, cómo arrecende  
o recurso, esa roseira  
sempre froлива que loce  
máis rosas canto máis vella!

iOu feitizo das lonxanas  
tardes dos sábados, cheas  
d-un fungar barballoeiro  
como de enxame de abellas!

iOu soido das campanas  
que dende a veciña igrexa  
viña a decirnos: iMañán  
non hai escola, que é festa!

iOu a leución da Cartilla  
que zoaba cantareira  
do "Todo fiel cristiano"  
ó "Dios te salve, Princesa!

Antre o branco das cortinas,  
no toldo da cabeceira,  
un Santo Cristo na cruz  
mostraba as lacras bermellas;  
ó pé d-el, arrodado  
do ouro e sangue da bandeira,  
un cuadro co rei noviño  
rindo no colo da reina;  
e alí, no sillón de coiro,  
iou santa flor de pacencia!  
a imponente maxestá  
d-aquel vello de seréa  
mirada escudriñadora  
a lér nas almas afeitada  
de voz doce e repousada,  
de ancha fronte descuberta  
un pai cando arreprendía,  
no consello a xentileza  
d-un nobre, no exemplo un santo  
e sempre levián na pena.

Pol-as ventanas, da horta  
deitada ó sol, sonolenta,  
rubía o cantar da ágoa  
nos fondos pilóns de pedra  
e os arumes dos laranxos,  
dos craudios e das pereiras...

iOu vellas hortas dos frades  
silenzosas, limpas, frescas,  
de mainos sotos sombrizos,  
coidados tallóns de afresas,  
podados buxos que visten  
de pracidade as carreiras,  
doces froitas, ágoas craras  
e longas mesas de pedra  
baixo o encanto dos parralles  
que recobren as arorietas!



Adro da Igrexa do Convento de San Francisco. Da segunda metade do século XVI. De trazos góticos e renacentistas. Fundada como Igrexa do Convento Franciscano no ano 1585, formou parte do mesmo ata a desamortización do ano 1835. Dende o ano 1841 é Igrexa Parroquial. Dende 1845 parte das dependencias conventuais utilizáronse como locais escolares.

Antiga escola do Convento.



## ...O SÁBADO NA ESCOLA

En setembro deste mesmo ano embarca no vapor Dania rumbo a Cuba. Alí traballa como contable de comercio e posteriormente como administrador do Teatro Nacional que rexentaba o Centro Galego. En Cuba coñecerá a Villar Ponte, Chané, Roberto Blanco Torres, Basilio Álvarez, Fontenla Leal, etc. arredor do ambiente do Café "Puesta del Sol" da Habana.



*Ilustración  
do Sr. D. Víctor de  
la Sancha, Director de  
la Escuela de San Francisco  
para niños de Cuba.  
J. González*

Foto enviada dende Cuba (1910)



Membrete da casa onde traballaba en Cuba

Volta temporalmente no verán de 1912 para marchar de novo no outono do mesmo ano.



Foto da casa onde vivía en Cuba

iOu vellas hortas dos frades, arumadas pol-a lenda, que gardades as historias do outros tempos, envolveitas no misterio de altos valos en que verdexan as edras!

Ô correr da tarde, a escola dourábase co-a amarela luz do sol.

O bo maestro, petando sobre da mesa, acalaba o rechouchío das leucións e con voz queda, a un tempo maina e solene, agarimosa e sinxela, escomenzaba a espicarnos a parábola evanxélica do rico Epulón ... quizáis fora o pasaxe da tenra Samaritana ... ou o caso -iqué na historia deprenderal-d-aquel fillo que deixou, por ver mundo, a chouza leda de seu pai e imalpodado! volvéu, probe e triste, a ela.

Era o silencio profundo e a paz e a calma compreta; mais ás veces socedía que un feixe de volvoretas entraba pol-as ventanas sin que lle deran licencia, revoando atolondradas ó redor das cabezas, e outras veces os pardales, pousados n-unha figueira, armaban unha dos demos c-os seus chidos.

D-aquela, os que rían pol-o baixo, os que tusían a medias e os que berrando iah! iah! iah! quedaban co a boca aberta, trocaban por un bó pouco a escola en campo de feira.

Era xa a tardiña baixa ó sair.

Tiña a vereda un dourado resprandor.

Traía os cheiros da seba o vento do mar.

ó lonxe, sobre das roxizas tellas, rubía ós ceos o branco fume da chouza paterna...


iVila morta, vila morta, aldeana e marinera.. !  
iTardes da escola! iFontiñas de ágoas limpas e segredas!  
iRaiolas de sol dourado na negrura da tromenta!  
Nunca podré esquecervos...

iMeu recordo é unha roseira que ten, frescas e arumadas, máis rosas canto máis vellas!

*Vento Mareiro (1.915)*



Nenos na escola do Convento.




Cruceiro do Adro de San Francisco desaparecido hai uns anos.





Foto en Cuba. (1913)

En Cuba publica os dous primeiros poemarios: "No Desterro" (1913) e "Vento Mareiro" (1915). Este último adicado a Cambados. Ámbolos dous con forte, aínda que non única, pegada agrarista, froito da influencia de Basilio Álvarez, "o abade de Beiro".



Polo San Xoán de 1915 retorna a Cambados.

## AS TARDES NA PASTORA

Do vran nas tardes longas, coa merenda  
nun cestiño de bimbias,  
de vagar, paso a paso, baixo a soma  
do roxo parasol de miña tía,  
rubía á fresca, umbriza carballeira  
que coroa un outeiro a par da vila,  
onde se ergue, feituca como un ovo,  
da Virxe da Pastora a branca ermida.

Follas que beilan, ágoas que rexouban,  
fiunchos que en recendos se desfían,  
sendeiros de antre millos e parrales,  
ventiño latexante de cantigas,  
valos vellos, silveiras con amorias,  
auriolas e merlos que asubían,  
edras de ouro nas pedras seculares  
de altares en ruiñas,  
colunas en derrumbo, arcos ó aire  
e maltreitas oxivas  
do noso saudoso camposanto  
un día eirexa nai: ¡Santa Mariña!

Co seu caxato, o dengue e o chapeo,  
rodeada dun fato de ovelliñas,  
o meniño no colo, ollos e beizos  
florecidos na luz dunha surrisa,  
a santa Imaxe está labrada en lumes  
da gracia terreal e da diviña.  
A espadaina da ermida, recolleita,  
ten o xeito dun niño no que chila  
cun fiño de són tintineante  
como un carrizo novo a campaiña.  
No teito a tellaván, encaleado,  
bambea pendurado dunha viga  
un navío votivo de tres palos,  
risóns e cordas e cañóns na tilla,  
velas ó vento, mascarón na popa,  
que fixo a ruta das lonxanas Indias,  
oferta dos salvados dun naufraxio  
nos hirtos farallóns, boca da ría.

...




Foto do ano 1925

Pazo de Ulloa.

Construcción de finais do século XV reformado no século XVIII. Casa de Dona María de Ulloa, Señora de Cambados, nai de Don Diego de Acevedo e de Don Alonso de Fonseca III, Arcebispo de Compostela e de Toledo, que os tivo de Alonso de Fonseca II, Arcebispo de Santiago. Casou con Don Álvaro Páez de Sotomaior.



Santa Mariña Dozo. Gótico mariñeiro de finais do século XV. Obra de Dona María de Ulloa e do seu pai Don Lope Sánchez de Ulloa. Abandonada a mediados do século pasado, as súas ruínas foron declaradas Monumento Histórico Artístico en 1943.

Vista desde a Pastora  
Acuarela de Plácido Castro



En 1917 publica "Da terra asoballada", libro que marca o paso do ideario agrarista ó das Irmandades da Fala. Asume aquí Cabanillas a función de poeta combativo. Neste mesmo ano é coronado "poeta da raza".



No 1918 asiste á Asemblea Nacionalista de Lugo e asina o Mnifesto.

No 1920 entra a formar parte da Real Academia Galega lendo o discurso "A saudade nos poetas gallegos".



Debuxo de Castelao

Por estes anos comeza a traballar no Concello de Mos. Trata de preto a Henrique Peinador, propietario do Balneario de Mondariz, que será o seu protector.

## ...AS TARDES NA PASTORA

A pouco, ían chegando outros rapáces,  
-sobrinos de outras tías-,  
que a brincos e estalantes gargalladas  
a carballeira en calma ensordecían  
eran os capitáns das trastanadas  
de aquela idade cándida e bendita,  
compañeiros da escola do Convento  
co seu Fleury, os palotes e a cartilla,  
compadres no mallarse na ribeira  
a coller caramuxos e buxinas,  
e de ir ós niños, esgazando a roupa  
nos estrípos, nos valos, e nas silvas.  
A par deles, ó cheiro da merenda,  
chegaban o arriscado Setetripas,  
o Chepa, o Raña, o Chasco, o Rillachavos,  
o Sambesuga... a fror da pillería!

Dimpóis, todos a unha, ós amorotes  
das abertas, sin medo das ortigas,  
á pita cega, a «¿nesta casa hai lume?»  
no que cada carballo era unha esquina,  
ou guiados do icri! icri! a coller grilos  
metendo no buraco unha palliña.

Ó ir baixando o sol, as donas, -fartas  
de parolar de canto socedía:  
de si se casa ou non se casa a Lola,  
de si o luns era día de vixilía,  
de si subira o lenzo ou as cebolas,  
dos bailes do Casino, das vendimas,  
dos mercados... itres horas de paliquel-,  
chamaban ó rosario. Miña tía  
levaba o són, adoa por adoa,  
desbullaba os latíns da ladaíña  
e enxería un sinfín de padrenuestros  
credos e avemarías.

Valeirado o perol de orapronobis,  
co lixeiro bulir das donosiñas  
entrábase a contas coa merenda:  
todos poñen en monte o que traguían  
e alí queixos, mazán, noces e asios  
das acelmosas uvas albariñas...  
¡Que gulipar de peras e de ameixas  
deica pór como bombos as barrigas!

*Poesías ventureiras*



Cruz que remata a entrada de Santa Mariña




Foto de 1920 aprox

A Pastora. Ermida fundada a finais do século XVI baixo a advocación do Bon Pastor e a Virxe das Neves. No século XVIII pasou a denominarse da Pastora.



Con "A man da Santiña" (1921) acomete o labor de darlle conciencia de pobo a Galicia. Obra de teatro de corte moratiniano, estréase no Conservatorio Nacional de Arte Galego, creado pola Irmandade da Fala da Coruña.

No 1922 coordina a revista "As Roladas" pensada para a formación dos rapaces no coñecemento e amor á nosa Terra.



En "Na Noite Estrelecida" (1926) materializa o proxecto pondaliano de crear unha mitoloxía autóctona, un pasado mítico.



Continuará a reconstruí-lo noso pasado tamén dende a Idade Media coa obra de teatro "O Mariscal" (1926), a partir dunha idea de Antón Villar Ponte, onde recrea a traición sufrida polo mariscal galego Pedro Pardo de Cela.

## MARIÑEIRA

Leste duro  
Mar bravo.  
Curiscadas da choiva.  
A noite vai rubindo  
cabaleira na sombra.  
As fortes ás tendidas,  
inquietadas, sin rumbo, silenzosas,  
levadas pol-o vento  
déixanse ir as gaivotas.

Salseada e batida das escumas,  
de lombo en lombo das hinchadas olas,  
a vela a catro rizos, bolinando,  
co-a quilla ó descuberto, vai a dorna!  
A dorniña pulpeira  
durmirá mar afora...



O patrón unha man aferrollada  
na caña do timón, outra na escota,  
leva os ollos chantados  
nos cons ergueitos da lonxana costa.

Ferve o mar, brúa o vento. . .  
¡Probe da dorna!

Un refacho asubiante  
abate a verga e tronza o palo, as cordas  
estalan, e un instante ábrese a vela  
e cai o plan no mar...

Galgan as olas  
ouveando roucas, como cans famentos  
en asalto dos cons...  
¡Probe da dorna!

### "Vento mareiro" (1.921)



Rúa Narciso Pérez, leva o nome do escultor das vangardas anovadoras dos anos vinte. (Cambados 1904-1930). "Guerreiro Celta", "San Ero de Armenteira".



Pazo de Montesacro. Construído a principios do século XVIII polos Marqueses de Montesacro que mercaron en 1709 o Señorío de San Tomé do Mar ós Condes de Castromouvo y Villumbrosa. Hoxe é Asilo de Anciáns. A capela está adicada á Virxe da Valvanera. Culto que introduciron os donos da casa Zárate y Murga, Marqueses de Montesacro.




Torre de San Sadorniño. Posiblemente unha das torres vixias fundadas polo bispo Sisanando II a finais do século X e reparada polo bispo Xelmírez no s. XII. Pertenceu ós Sotomaior e aínda se conservaba bastante ben no século XVII xunto cos restos da ermida adicada a San Sadorniño e San Tomé.

Con "O Bendito San Amaro" (1926) comézase a sentir a pegada relixiosa que marcará a etapa final da súa vida.




Segue a dar mostras da súa abelencia técnica en "A rosa de cen follas" (1927), poemario intimista e de temática amorosa.



— MONDARIZ-BALNEARIO — MCMXXVII —

En 1929 ingresa na R.A.E. xunto a Cotarelo Valledor, coa lectura do discurso "Un somero recuerdo de la vida y obra de Eduardo Pondal".



Toma de posesión na Real Academia Española

## NA CASA VELLA

Patín, solana, alboio...  
todo se véu a terra!

Quedan soio as paredes  
alombadas, cubertas  
Pol-o follaxe espeso  
das silvas e das edras.

N-un esquinal, enriba  
da lousa da lareira,  
amostra o forno a boca,  
coadrada e furruxenta.

No chan, antre a friaxe  
das orballadas herbas,  
apodrecen os cangos  
do tellaván.

Na eira,  
un loureiro velliño  
desfóllase de pena  
nas ágoas empozadas  
e escuras d-unha aberta.

O piorno, destellado,  
caídal-as madeiras,  
é un altar no que vive  
a imponente tristeza  
d-uns dioses esquecidos,  
sin ceo e sin igrexa.

Hai ó pé d-un valado  
unha fonte que deita  
pingotas como bágoas,  
n-unha taza de pedra  
chea de fentos bravos  
e frores ventureiras.

Na xunta d-unas lousas  
da cornisa desfeita,  
no que queda máis outo,  
prendéu unha roseira  
que, afeita ó señorío,  
borracha de soberbia,  
como un pendón guerreiro  
na punta d-unha almena,  
puxo a groria arumada  
d-unhas rosas sangrentas.

Ó redor da casa,  
o que denantes era  
coidado labradío,  
agora é unha toxeira  
na que rín as homildes  
chorimas amarelas...

iTellado dos amores  
que te viñeche a terra!  
iLoureiro das espranzas  
desfollado co-as penas!  
iRoseira dos groriosos  
ensonos que se alexan!  
iFrores d-este desterro,  
chorimas amarelas!  
iAltariño esquecido  
dende que se fói Ela...

tamén dentro da alma  
teño unha casa vella!

***Vento mareiro"***  
**(1.915)**



Capela de Santa Margarida, pertencente á casa dos Abraldes.



Casa na que morreu Cabanillas.

Capela do Hospital, do século XVII. Construída polos Señores de Bazán e por Don Alonso Troncoso y Sotomaíor, abogado do Santo Oficio.



Casa que foi Hospital Real (aprox. 1940)




Praza de Alfredo Brañas. Fonte realizada por Narciso Pérez. Arquitectura de influencia modernista.

### VER TAMÉN:


- . Pazo de Fajardo, do século XVII (Pza do Rollo)
- . Casa de Fariña
- . Casa de Pomares

*A tí, meu CAMBADOS, probe e fidalgo e soñador, que ó cantareiro són dos pinales e ó agarimo dos teus pazos lexendarios, dormes deitado ó sol, á veira do mar.*

*"Vento mareiro" (1.915)*




Xantar galeguista en 1928 (Ramón Cabanillas, Basilio Álvarez, Laureano Salgado, José Cadarso, Juan Rivas...



Mondariz (1930).

Á súa esquerda Valle Inclán.

Chegada a República participa. en 1931, nunha candidatura republicana nacionalista, sen conseguir acta de deputado.



## A CALZADA DE CAMBADOS

(LENZO DE F. LLORENS)


†

IN MEMORIAM.

Sol de vran. O mar de Arousa,  
De praia a praia tendido,  
canso de loitar, repousa.  
Ceo azuado e senlleiro.  
Limpóu de néboa â Curota  
o maino vento mareiro.  
Alá, na boca da ría,  
dende a solana da costa  
o Con de Noro vixía.  
A luz que cai brava e roxa  
encende as cunchas de nácar  
dos areeiros da Toxa,  
atolada e cantareira  
crava frechas de diamante  
nos negros cons da ribeira,  
e, ardendo e brincando,  
chove moída en pingas de ouro  
nos pinales de Tragove.

Nas ágoas craras e mornas,  
as velas albas ó sol,  
agardan o leste as dornas.  
Adiantan quedo quedaño,  
perguiceiras, soñadoras,  
durmíndose no camiño,  
deixando a popa, tras d-elas,  
leviáns ronseles de prata  
como regueiros de estrelas.  
Son as doce. Xoga o vento  
c-o fino e dondo tanguido  
da campana do Convento,  
e rodan as badaladas  
sin -rumbo, a ir e vir, voando  
como pombas asombradas.  
Da Isla a San Saturniño,  
pasa esguío, silencioso,  
retinto corvo mariño.  
Vai lanzado ras das ágoas  
como venablo firente,  
agoiro de loito e bágoas.

\*



A Calzada (aprox 1940)



Arredor de 1930



Lenzo de F. Lloréns.(1924)



Monumento a Cabanillas, obra de Asorey.

Nestes anos que anteceden á Guerra Civil escribe poemas soltos que anos máis tarde serán recollidos no volume titulado "Poesías ventureiras".



A guerra sorpréndeo en Madrid, aínda que pasará tempadas en Valencia, Santiago e Baracaldo.



Retrato cun grupo de amigos entre os que está Vicente Risco.

### ...A CALZADA DE CAMBADOS

iNeniña, gomo de rosa,  
que â sombra dos vellos olmos  
floreces leda e ditosa!  
iBaixo os maternos coidados,  
bicada do mar de Arousa  
na Calzada de Cambados,  
qué lonxe estás n-esta hora  
de saber que anda no aire  
unha frecha feridora!

i Dalle un bico a tua nai,  
neniña, gomo de rosa!  
i Dalle un bico, que se vái!

*Da Terra Asoballada (1.926)*


### NA RIBEIRA

Gaivotas brancas, como vellas tolas,  
arredor da pulida regateira  
que escabecha sardiñas na ribeira,  
vóan do sol âs últimas raiolas.  
Co-a camisa de fora e as cirolas  
rachadas, en romaxe brincadeira  
como pardales soltos na paneira,  
pasan os rapaciños das escolas.  
As dornas gañan porto bolinando  
por un mar furruxento que bruando  
espalla sobre os cons albas guedexas.  
Baixo os arbres, ô abrigo do nordeste,  
o notario o xués e o arcipreste  
paseian discutindo a Canalexas.

*No Desterro (1.913)*



Monumento a Cabanillas. Vista posterior



Pazo de Bazán. Construído a mediados do século XVII. e restaurado no XVIII. Foi derribado e o actual edificio é Parador Nacional.




Dornas no peirao de Cambados. (Aprox 1930)



Mulleres limpando peixe


En 1940 está en Galicia. Desempeña unha serie de postos administrativos con carácter interino en Silleda, Noia, Meaño, Meis, Moaña e Dozón.

Con "Camiños no tempo" (1949) inicia a súa andaina Bibliófilos Galegos.



Por esta época participa na tertulia do café Lyon d'or da Rúa de Alcalá en Madrid, célula de reconstrucción do Partido Galeguista.

No 1951 publica "Antífona da cantiga" poemario co que bota a andar a editorial Galaxia.



"Da miña zamfona" sae en 1954 para inaugurar a editorial Xistral. Un ano máis tarde Bibliófilos Galegos publica "Versos de alleas terras e de tempos idos".

## LUME NO PAZO

Prendeu lume no pazo.

A roxa labarada  
alumea a campía.

Atronan as campanas  
o val.

Quantan o aire  
espesas bafaradas  
de fume.

Corre a xente,  
berrando, atolondrada.  
Ô ardel-o cume,  
as tellas enroxecen  
e estalan.

Caien, cruxindo, as vigas,  
e o lume ás catro bandas  
envolve a torre.


Muxen  
de medo os bois nas coadras.

A xente rube ó adro  
pra ver onde é a disgracia  
e ó mirar cara ó pazo  
detense amontoada.


Érguense as mans ó ceo  
e sanguiñenta, tráxica,  
refréxase nos ollos  
a roxa labarada.

E un velliño, moi vello,  
de quedelliñas brancas,  
que vive de milagre,  
xantando cando xanta,  
vestido de farrapos  
e durmindo onde cadra,  
-todo por mor d-un preito  
de rendas atrasadas,  
no que os donos do pazo  
deixárono sin nada,  
ollando cara ó lume,  
ríse, barulla e fala  
de ir buscal-o gaiteiro  
para que toque a gaital!

**"Vento mareiro" (1.915)**




Virxe das Angustias no remate dun portal na Rúa das Rodas.  
Debuxo de Castelao.



### Igrexa de San Bieito

Construída a comezos do século XV polos Señores de Fefiñáns sobre outra románica do século XII. Restaurada nos séculos XVII e XVIII nos que se modificou a fachada principal e as torres.

No ano 1970, coa pavimentación da praza, suprimíuse a escaleira aberta da fachada sur.



Aprox. 1940



Foto no 1955

En 1956 Galaxia publica "Macías o namorado", poema escénico no que Cabanillas colabora con A. de Lorenzo e ó que puxo música I.B. Maíztegui.

Na recta final da súa vida aínda preside unha reunión do Partido Galeguista na clandestinidade.



Caricatura de Mouriz

## A UN CACIQUE

Roubáronlle a nazón túas axencias  
cando a guerra o fusil, na paz o arado:  
os bós gallegos téñente aforcado  
na santidá segreda das concencias.

¡Pousadeiro de Bispos e Vocencias,  
non te libra de inferno o marquesado!  
¡Por treidor e negreiro condenado,  
é de balde que merques indulgencias!

¡Aproveita dos roubos a fartura!  
¡Énchete apresa, lobo sanguíento,  
que xa con rábea se erguen as cabezas!

¡Rite, ladrón! ¡A túa sepultura  
levarémo-los fillos, pra escarmento,  
a escupir sobre a terra en que apodrezas!

*"Vento Mareiro" (1.915)*





Foto de 1920

Pazo de Fefiñáns, de comezos do século XVII. Mandado edificar por Don Gonzalo de Valladares, Vizconde de Fefiñáns dende 1644. Continúa a obra o seu fillo Fernando, segundo Vizconde de Fefiñáns. De estilo postrenacentista.



Arco ponte

Foto Finais do século XIX





En 1958 sae o seu derradeiro poemario "Samos", considerado o cumio da poesía culta galega.



Este mesmo ano recibe unha homenaxe en Padrón, onde foi coroado Poeta Nacional Galego.



Fotos do homenaxe en Padrón.

## SONO DOURADO

*Para a miña muller.*

### I

¡Ou meu sono labrego! Unha casiña  
preto do río, ó abrigo dos pinales,  
con piorno e alboios nos currales  
e palleiros na eira e na curtiña..-,

Ó pé da casa un muiño cantareiro  
ó son da lira de ágoa que enche o caño,  
baixo o maino agarimo d-un castaño  
e os amorosos brazos dun cruceiro.

Todo ó longo da aberta do muiño  
tortas e vellas cepas de albariño  
c-os asios mestos no bendito outono.

E un ferrado de terra por facenda  
pra prantío e xardín, libre de renda,  
diesmo a Dios, sin foreiro nin máis dono.

### II

Groria e lecer da casa, unha lareira  
en que arderan enteiros os carballos,  
arrodada de afumados tallos,  
con forno cheo e forte gramalleira.

E do inverno nas noites, cando o vento  
nos altos pinos seus doores laia  
e misteriosa rube dende a praia  
a rouca voz do mar, no antigo asento  
de meus abós labregos e cristianos,  
presidindo o ruego de aldeanos  
que a relacente labarada doura,

ouir contar, doído, a un xornaleiro  
-ifollas sin escribir do Romanceírol-  
a lenda triste dunha reina moura.

### III

Ir á misa nas festas e á saída  
na paz do adro conversar c-os vellos  
d-eses ditos, costumes e consellos  
con que a vida do campo está tecida.


Tral-o homilde xantar, mentras que a xente  
moza relouca no turreiro, leda,  
ler un libro no fondo da arboreda  
ou visitar na vila algún parente.

E ó volver cara a chouza, paseniño,  
platicando da anada c-un veciño,  
baixo a dourada craridá da tarde


ir vertendo, ó pasar, na aldea en calma,  
este saúdo todo mel da i-alma:  
«¡Vaia con ben, paisano! ¡Dios o garde!»....



Eudosa Álvarez, esposa de Ramón Cabanillas



Torre atalaia do Pazo de Fefiñáns.



*R. Cabanillas*

## ...SONO DOURADO

### IV

Ás traicións e ás inxurias xordo e cego  
sobre todas as cousas d-este mundo  
arrolar meu amor, nobre e profundo,  
á redención do escravo chan gallego.

E si un día felís contra a inxusticia  
nos agros celtas o cramor se escoita,  
ser dos primeiros en abrir a loita  
baixo a santa bandeira de Galicia.

Seguil-a sempre, e ou lavar o ultraxe  
d-ese feudal, sangrento vasallaxe  
que lle impón, contra lei, a irmán Castela,

ou no aberto combate malferido,  
ó pé d-un valo bello e frorecido, unha mañán  
de sol, morrer por ela!

### V

E si o ceo dispón de outra maneira  
meu sinxelo vivir, facerme vello  
tendo a honra do nome por espello  
e a probeza por dina compañeira.

Ver os meus fillos, para ben, criados,  
amantes do seu chan, traballadores,  
sin rebaixarse nunca ante os señores  
nin erguerse xamáis ante os coitados.

E cando chegue o día da partida,  
acollendo sin medo a nova vida,  
limpa a concencia do mundano lixo,

morrer cristiano, baixo propio teito,  
mandando, como é de uso e dereito,  
o corpo á terra, a alma a Dios que a fixo!

### VI

#### Encomenda

A ti, miña muller, arca pechada  
que no seu fondo garimoso encerra  
o que me queda santo sobre a terra,  
van estes versos de visión dourada.

Eles diránche que, ó través da vida,  
sempre, sempre miña alma soñadora  
pidéulle a Dios que na postreira hora  
cerre os meus ollos esa man querida.

E n-eles vai, paxaro cara ó niño,  
agardando que o acolla teu cariño,  
este meu rogo que a visión compreta:

Quero na lousa que me dé sosego  
esta palabra que ten luz: «Gallego»  
e esta palabra que ten ás: «Poeta».


"Vento Mareiro" (1915)

Finou en Cambados o 9 de novembro de 1959 e foi soterrado no cemiterio de Fefiñáns.



Imaxe do enterro

Hoxe os seus restos repousan no Panteón de Galegos Ilustres de San Domingos de Bonaval de Santiago de Compostela.



Cemiterio de Fefiñáns  
Panteón da familia Cabanillas.



Sono dourado.

¡Oh meu sono labrega! Vela castiño,  
fureto do río, ó abrigo dos fúneles,  
con fumeiro y ultraxos nos cuerdos,  
e felleiros na cima e na cunha

Ó pé da casa un misión castiño  
ó son da liza d-auga que canta a terra,  
baixo o maio agarrado d-un tronco  
e os amorosos brazos d-un castiño

Todo o longo dasbesta de meu  
lortas e vellas capas de sberna  
e os anos mestos no beato castiño

É un ferrado de tena por ferido  
para fureto e acorrido, libro de mesa  
dicimo a Dios, un ferrado de tena

*Ramón Cabanillas*

# PARA SABER MÁIS DE CABANILLAS

## BIBLIOGRAFÍA

---

A máis ampla bibliografía de e sobre Cabanillas da que temos coñecemento é a elaborada por Don Xesús Alonso Montero e incluída na edición que el fixo da súa obra completa. Está incluída no tomo III da mesma (pax 588-601).

Citamos os títulos e as datas da 1ª edición das obras de Cabanillas:

**“Obra Completa”**. *Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires*, 1952. Edición ó coidado de Luís Seoane e Eduardo Blanco Amor.

**“Obra Completa”**: Akal editor, 1979-1981. Edición de Xesús Alonso Montero en tres tomos: I e II poesía, e III teatro, prosa e varios.

### POESÍA:

**“No desterro”**: Visións Gallegas. Habana. Imp. La Universal, 1913

**“Vento mareiro”**. Habana, 1915

**“Da terra asoballada”**. Cibdá de Arousa, Imp. de Galicia Nueva, 1917.

**“O bendito San Amaro”**, Ediciones Lar, Mondariz-Balneario, 1925.

**“Na noite estrelecida”**, Ediciones Lar, Mondariz-Balneario, 1926.

**“A rosa de cen follas (Breviario de un amor)”**. Mondariz-Balneario, 1927.

**“Camiños no tempo”**, Bibliófilos Gallegos, Santiago, 1949.

**“Da miña zanfona”**, Colección Xistral, Lugo, 1954.

**“Versos de alleas terras e de tempos idos (Paráfrase galegas)”**, Bibliófilos gallegos, Santiago, 1955.

**“Samos”**, Galaxia. Vigo, 1958.

### TEATRO:

**“A man da santiña. Farsada en dous pasos”**. Balneario de Mondariz, 1921.

**“O Mariscal”. Traxedia histórica en verso**. Ed. Lar, A Coruña, 1926  
(en colaboración con Vilar Ponte).

**“O Mariscal”**, ópera, 1929. Estreouse no teatro Tamberlick de Vigo o 31-5-1929. Música: Eduardo Rodríguez Losada. Escenografía: Camilo Díaz Baliño.

**“Romance do cristiano e do mouro na Franqueira”**. Figura en “Camiños no tempo”.

**“A ofrenda dos frades no Portal de Belén. Retablo de Nadal”**. Incluída na Obra Completa de 1959.

**“Macias o namorado”**, Galaxia, Vigo, 1956. “Poema escénico en prosa e verso” en colaboración con Antonio de Lorenzo. Música de I.B.Maíztegui.

### PROSA:

Revista **“As Roladas”**. Madrid 1922.

**“A saudade nos poetas galegos”**. Tip. *“El Noroeste”*, A Coruña 1920. Discurso de ingreso na Academia Galega. Resposta de Eladio Rodríguez González.

**“Discursos leídos ante la Real Academia Española en la Recepción Pública de D. Ramón Cabanillas Enríquez el 26 de mayo de 1929. Mondariz-Balneario, s/d. (Un somero recuerdo de la vida y obra de Eduardo Pondal”**. Resposta do Marqués de Figueroa).

**“Antífona da cantiga”**. Galaxia. Vigo, 1951.

Sobre a obra de Cabanillas existe unha ampla bibliografía. Citamos algúns títulos, ademais dos citados por X.A. Montero, e outras posteriores.

- Agrupación Cultural “Nos”: **“Ramón Cabanillas”**. Moaña, 1989.
- A Nosa Terra: **“Ramón Cabanillas. Camiño adiante”**. Promocións Culturais Galegas S.A. Vigo, 1989.
- Asociación Cultural “Santa Compañía”: **“Vento Mareiro. Celebración da publicación dun libro mítico”**. Sociedade para o desenvolvemento Comarcal de Galicia. 1998.
- Caamaño Bounacell, J. : **“Cabanillas enjuiciado por sí mismo”** en B.R.A. números 339-344. Abril 1961.
- Carballo Calero, R. “Ramón Cabanillas”, en **“Historia da Literatura Galega contemporánea”**. Galaxia. Vigo, 1975.
- Comisión de Cultura do Concello de Cambados: **“Cabanillas e Cambados”**. Cambados, 1984.
- Fernández Rey, Francisco. **“Notas lingüísticas sobre Fefiñáns (Cambados)”**, en “Homenaxe Universitario a Cabanillas. Compostela, 1972.
- Fernández Rey, Francisco. **“Ramón Cabanillas, Manuel Antonio e o mar da Arousa. Dúas singraduras na construción dun idioma para unha patria”**. Real Academia Galega. A Coruña, 1999.
- Galego, X, Aragunde, L, Castro, X.L., Barreiro, C, Varela, A. : **“Cabanillas e Cambados”**. Edición dos autores. Cambados, 1992. Complementase cun video.
- Rey Núñez, Luis: **“Cabanillas en Cambados: a forxa dun poeta”**, conferencia dictada na “I Xornadas sobre Ramón Cabanillas”. Cambados, novembro 1999.
- Vila, X.L.: **“Ramón Cabanillas, unha orixe que estorba”**. La Voz de Galicia, 7 de maio de 1989.

\*\*\*\*\*

*Este traballo sae á rúa no outono de 2000 (o día de San Miguel das Uvas) nas Terras de Salnés, “onde os acios do albariño mostran a cor do ouro vello”*



Edita

Colabora

LIBRERÍA  
**RAMON  
CABANILLAS**

Rúa Hospital, 40

